

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



CURSO 2019 /2020

**C.E.I.P. PEPE DE XAN BAÑA
SANTA COMBA**

CIENCIAS SOCIAIS

6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Índice

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
2. Avaliación e cualificación	6
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	7
4. Información e publicidade	8

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

SEXTO CURSO		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	Explica os principais acontecementos que se produciron durante o século XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.	CSC CCEC CAA
Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas de vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	Describe as características da sociedade española actual e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.	CSC CCEC CAA
Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas de vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	CSC CCEC CAA
Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada ao temas tratados.	CLL CAA CMCT CSC
Explicar as características de cada tempo histórico e certo acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.	CCL CSC
Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	CMCT CSC
Explicar a influencia do comportamento humano no	Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando	CSC CMCT

medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais proponendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.	unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.	CAA CCL
Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.	Explica as causas e as consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.	CSC CMCT CAA CCL
Comprender e interpretar os principais conceptos demográficos e calculalo a partires dos datos de poboación.	Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.	CSC CCL
Distinguir as principais características española e europea explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa gráficamente.	Describe as principais características da poboación española e europea.	CSC CCL
	Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	CSC CCL CAA
	Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.	CSC CCL
Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.	Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración, etc.	CSC CCEC
Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades	Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ó que pertencen.	CSC CMCT
	Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa.	CSC CCL

económicas de España e Europa.		
Explica as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os diferentes tipos de empresas.	Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen as actividades que desenvolve.	CSC CMCT
Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o deteminan.	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan.	CMCT CAA
Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España e de Europa.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.	CMCT CCL CSC
Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e os seu clima.	CMCT
Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	CMCT CAA

2. Avaliación e cualificación

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
Avaliación	Procedementos: a avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os avances e os atrasos que se poidan producir. O traballo realizado polo alumnado neste trimestre só se valorará positivamente. Valorarase en maior medida a participación.
	Instrumentos: diario de aula (logo da observación directa do traballo recibido).
Cualificación final	A avaliación final das aprendizaxes do alumnado considerará en conxunto as avaliación de todo o curso. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, sempre e cando se beneficie ao alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede.
Alumnado de materia pendente	O alumnado que teña algunha avaliación pendente terá a posibilidade de recuperala a través da realización de actividades de recuperación relativas á mesma.
	Criterios de avaliación: participación e logros amosados no traballo realizado.
	Criterios de cualificación: o alumnado recuperará as avaliacións pendentes cunha cualificación máxima de <i>Suficiente</i> .
	Procedementos e instrumentos de avaliación: observación directa do traballo recibido, recollido no diario de aula.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	
Actividades	<p><u>Actividades de recuperación</u>: irán destinadas ao alumnado que teña algunha avaliación pendente.</p> <p><u>Actividades de reforzo</u>: serán minoritarias e estarán destinadas especialmente a aquel alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe nalgúns aspectos da materia.</p> <p><u>Actividades de repaso</u>: serán as maioritarias e farán fincapé en afianzar as aprendizaxes traballadas nos dous primeiros trimestres.</p> <p><u>Actividades de ampliación</u>: poderase recorrer a elas segundo a evolución do repaso e afianzamento dos contidos xa traballados.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Tentarase manter a metodoloxía que se recolle na programación didáctica, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e do seu contexto próximo. Continuarase traballando cara unha aprendizaxe significativa, que lles resulte funcional e transferible a novas situacións.</p> <p><u>Alumnado con conectividade</u>: atoparán periódicamente as propostas de traballo na páxina web do centro educativo.</p> <p><u>Alumnado sen conectividade</u>: o Concello de Santa Comba puxo a disposición das familias un servizo de impresión para aquelas familias que o demanden. Tense coñecemento tamén de que algunhas familias con conectividade prestan apoio a outras que carecen desta.</p>
Materiais e recursos	<p>Poñerase á disposición das familias todos os materiais que se requiran para continuar coas tarefas neste período non presencial: libros de texto do alumnado e fichas das correspondentes editoriais.</p>

4. Información e publicidade

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	A información e a comunicación para o alumnado e as súas familias farase a través da páxina web do centro educativo e dos enderezos de correo electrónico das familias.
Publicidade	Este documento será publicado na páxina web do centro escolar para que poida ser consultado por calquera membro da comunidade educativa.